

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DO DOUS MIL VINTE:**

EXPTE. NÚM. 2020004616

**PRESIDENTE:
Telmo Martín González**

**CONCELLEIROS/AS:
Juan Antonio Deza Otero
María Paz Lago Martínez
Daniel Arosa Dasilva
María Deza Martínez
Marcos Guisasola Padín
Flavia Besada Otero
Oscar Vilar Sartages
Jaime Leiro Otero
Paula Martínez Santos
Marta Caneda Prieto
Fernando Otero Montes
Sandra Fernández Agraso
Andrea Ucha Bouzada
Yago Torres Pérez
Vanessa Rodríguez Búa**

**NON ASISTE:
Ainhoa Fervenza Celestino**

**INTERVENTOR:
José Juan Vidal Vilanova**

**SECRETARIO XERAL:
Angel Luis López Pita**
=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----



Sr. Presidente:

Desculpo a ausencia de D^a **Ainhoa Ferverza Celestino**, porque se encontrou indisposta fai un par de horas e non puido asistir ao Pleno, desexándolle unha pronta recuperación.

A) ACTAS ANTERIORES:

1º) EXPTE. NÚM. 2020002669: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 25 DE MAIO DE 2020. Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Boas tardes a todos, na acta do 25.05.20 queriamos que se faga constar, non nós importa que sexa na propia acta ou mesmo incorporada nesta, a salvedad de que, na paxina 79, mais ou menos, falta un episodio no que o alcalde me retira a palabra e non me deixa formular preguntas. Hai, xusto despois dunha intervención, un intercambio de palabras entre o alcalde e mais eu, finaliza e, despois, dálle, segundo a acta, a palabra á compañeira Fernández Agraso, pero non é correcto, porque, nese momento, é cando o alcalde pregúntame: “ten vostede algunha pregunta que formular?” e eu contesto, “se, moitas” e entón o alcalde díxome: “non, moitas non, senón non lle admito ningunha”, entón eu contesto “vostede fará o que considere” e retiroume a palabra e non puiden facer ningunha pregunta. Entón, quería que constase que se me retirou a posibilidade de facer as preguntas nese pleno, pódese facer esa salvedad na mesma acta.

Sr. Secretario:

O facemos constar agora todo?

Sra. Rodríguez Búa:

Se, non hai problema.

Sr. Presidente:

Eu non estou de acordo con iso e quero facer constar que lle preguntei se non tiña mais preguntas e ela contestoume que, se era así, non, tamén quero que conste iso.

Sr. Secretario:

Moi ben.

A Sra. Rodríguez Búa:

Eu, o que dixen, é recoller exactamente o que se dicía e, se se considera, que se faga constar que levabamos dúas horas e quince minutos da gravación na que ocorre isto.

Sr. Secretario:

Farase constar nesta acta todas as dúas intervencións coa referencia ao que pasou e non pasou, evidentemente sen modificar a acta anterior.



Ao non se formular ningunha observación máis que a da **Sra. Rodríguez Búa** indicando que, coa salvedad, se, **apróbese a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes**.-----

2º) EXPTE. NÚM. 2020003208: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 09 DE XUÑO DE 2020. Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes**.-----

3º) EXPTE. NÚM. 2020001614: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 09 DE XUÑO DE 2020. Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes**.-----

4º) EXPTE. NÚM. 2020003447: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 16 DE XUÑO DE 2020. Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes**.-----

B) PARTE DISPOSITIVA:

5º) EXPTE. NÚM. 2020001287: PROPOSICIÓN DA ALCADÍA PARA ELECCIÓN DE XUÍZA DE PAZ SUBSTITUTA DE SANXENXO. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable á proposta da **Comisión de Asuntos Xerais** do **21 de xullo de 2020**.

Non se produciron intervencións e o **Sr. Presidente** someteu a referida proposta a votación, sendo **aprobada por unanimidade dos membros presentes, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: elixir a **Yolanda Vilavedra García** como **xuíza de paz substituta de Sanxenxo**.



SEGUNDO: remitir certificación deste acordo ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Cambados e copia do expediente completo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dando cumprimento ao artigo 101.3 da Lei orgánica do poder xudicial.-----

6º) EXPTE. NÚM. 2020004470: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2021. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable á proposta da **Comisión de Asuntos Xerais do 21 de xullo de 2020.**

Non se produciron intervencións, e o Sr. Presidente someteu a referida proposta a votación, sendo **aprobada por unanimidade dos membros presentes, adoptándose o seguinte acordo:**

-Designar como días de **festa local no Concello de Sanxenxo para o ano 2021** as seguintes:

- **05 de abril – Romaría de “O Con”.**
- **16 de agosto – San Roque.”**-----

C) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 24 DE FEBREIRO AO 30 DE ABRIL DE 2020 (DE RES. Nº 361/2020 A RES Nº 697/2020. O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas dende o **24 de febreiro ao 30 de abril de 2020 (de Res. Nº 361/2020 a Res. Nº 697/2020)**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por decadata.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA PROCEDER Á ELIMINACIÓN DO NOME “JUAN CARLOS I” AO PORTO DEPORTIVO DE SANXENXO. (RE NÚM. 2020006574 DO 2407/2020). A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:



“ ELIMINACIÓN DO NOME “JUAN CARLOS I” AO PORTO DEPORTIVO DE SANXENXO.

Dna. Sandra Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Sanxenxo

EXPÓN:

A fiscalía suíza está a investigar unha conta bancaria do Banco Mirabaud, banco que ten a súa sede no paraíso fiscal de Bahamas. Nesa conta, o goberno de Arabia Saudí tería transferido 100 millóns de euros do rei saudí daquel entón Abdul Aziz Al Saud. O titular de esa conta sería a sociedade instrumental panameña Lucum Foundation, da que sería beneficiario o antigo Xefe do Estado e actual rei emérito, Juan Carlos de Borbón.

Despois do escándalo da cacería de Botswana do rei emérito, o Banco Mirabaud puido instalar a pechar a conta, cousa que fixo transferindo 65 millóns de euros a Corina Larsen e un millón de euros a outra muller que reside en Xenebra.

As investigacións indican que estas transaccións estarían vinculadas con unha actividade comisionista vinculada ao contrato de 6.300 millóns de euros do AVE á MECA que foi adjudicado a varias empresas españolas, deixando ao descuberto non só os negocios ocultos do rei emérito senón que tamén sinalan a un posible delito de branqueo de capitais.

Nese momento, tamén foi desvelado que o actual Xefe do Estado, Felipe de Borbón, constaba como beneficiario de estes cartos de dubidoso orixe, de dubidosa legalidade e dubidosa lexitimidade.

Tras darse a coñecer todos estes escándalos, foi xa a punta do iceberg cando o domingo 15 de marzo (en pleno decreto de estado de alarma por unha terrible pandemia) o actual Xefe do Estado, Felipe de Borbón comunicou vía comunicado da Casa Real a súa renuncia á suposta herdanza do seu pai que viñera de calquera negocio irregular, ao mesmo tempo que anunciaba a retirada da asignación anual do rei emérito, iso si, o actual Xefe do Estado xa era coñecedor de que el tamén era beneficiario de estes fondos dende facía, polo menos, un ano. Aínda que legalmente non pode haber unha renuncia a eses fondos ata que o rei emérito faleza, esa comunicación formal do actual rei, ven a ser unha confesión en toda regra das prácticas do seu pai, poñendo máis en dúbida e ensombrecendo aínda máis esta obsoleta institución.

Tendo en conta todas estas últimas informacións sobre as prácticas corruptas de Juan Carlos de Borbón no ano 2010 cando aínda era Xefe do Estado, as prácticas corruptas xa demostradas polo seu xenro Urdangarín, a pouca credibilidade que queda nunha monarquía profundamente desprestixiada, anacrónica e impropia de un sistema democrático, e tendo en conta que non condenar estas conductas e permitilas e amparalas é lexitimar socialmente a corrupción, dende o BNG de Sanxenxo propoñemos a retirada do nome “Juan Carlos I” ao Porto Deportivo de Sanxenxo, e que sexa o consenso social dos veciños e veciñas do noso concello quen propoñan un nome ao noso Porto que sexa merecedor e non alguén quen defenestrado por supostos casos de corrupción practicamente corroborados pola propia Casa Real.



Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes acordos:

1. Retirar o nome de “Juan Carlos I” ao Porto Deportivo de Sanxenxo.”

Sra. Fernández Agraso:

Xustifico á urxencia, aínda que entendo que como foi entregada antes do venres entendémola, en todas estas informacións que están saíndo continuamente, mesmo hoxe acaba de saír que, xa non só en Suíza, senón que o xuíz reabre en España, apunta a un presunto delito de Don Juan Carlos de Borbón e imputa, ademais, a Corina, polo tanto, mais de actualidade imposible e, se creo que sería motivo de debate.

De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.

Sra. Fernández Agraso:

Hai que ter en conta, porque ao mellor hai xente que non o sabe, que o rei non está suxeito a responsabilidade penal polos seus actos, polo que non pode ser xulgado nin pode ser condenado, eses son privilexios, dos tantos, que ten a coroa, aínda que deixou de ser inviolable no ano 2014, coa abdicación do rei emérito, o goberno de Mariano Rajoy acordou que tivese aforamento, polo tanto, no caso de que teña que ser penado, será pola Sala Segunda do Tribunal Supremo. Nós aquí non estamos xulgando ao rei emérito, non somos o Tribunal Supremo, terá que ser xulgado polos seus actos, sobre todo dos que son despois do 2014, porque parece ser que os de antes de 2014, moitos destes foron antes do 2014, moito nós tememos que non vai a ser xulgado polo Tribunal Supremo e mais, no caso de ser xulgado e condenado, tamén ten unha idade pola que tamén está regulado que este señor, no caso de ser condenado, nunca entrará en prisión. O que se queda patente, o que queda claro, o que queda ratificado, mesmo polo seu propio fillo no comunicado que presenta e onde fai mención a que renuncia a toda herdanza que poida vir de maneira irregular do seu pai, para entender e deixando constar que a Casa Real dicía algo serio, que non o fan todos os días, ratificando que o seu pai ten esas contas “offshore”, no mesmo comunicado o seu pai pide que o fillo anuncie que non sabía nada desas contas, polo tanto volve outra vez a ratificar, mesmo o seu propio pai, que existían esas contas, entón, o que se queda patente e mais que demostrado é unha conduta, chamémoslle, irregular. Cando saíron á luz as condutas lesivas e xa penadas do seu xenro, Urdangarin, o rei emérito, aínda rei, no seu discurso de nadal, en varios discursos de nadal, nos sucesivos anos, dicía que non se podían aceptar condutas irregulares e condenaba comportamentos non éticos, ademais de pedir exemplaridade as persoas con responsabilidades públicas e que era normal falar e que a sociedade reaccionase contra as condutas irregulares. Polo tanto, nós cremos que despois de todas estas informacións, de algo que mesmo cremos que está mais que ratificado polo seu fillo, algo que está saíndo diariamente, non temos que esperar a unha condena que non se vai dar ou a un xuízo que non se vai facer, pero se consideramos que, eticamente, este señor non actuou ben e, precisamente, por esas condutas ou por eses negocios irregulares, que todos sabemos que a Casa Real ten unha asignación anual, que por certo, lle quitou o seu fillo unha vez que soubo o tema este das contas en paraísos



fiscais e esa asignación era, precisamente, para que non fixese negocios por fóra, cousa que parece ser que se os fixo, entón unha persoa que recoñece publicamente, unha persoa non, un rei emérito, que recoñece publicamente a súa participación, non pode ser merecedora nin pode ser premiada cunha distinción como que se chame así ao noso porto deportivo, polo tanto, se consideramos que se debe retirar de inmediato o nome de Juan Carlos I ao noso porto deportivo.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

En canto á moción presentada pola compañeira Sandra Fernández Agraso, anunciar que nós nos imos a abster, consideramos que, efectivamente, isto é unha iniciativa que se ten que tomar, pero quizais non neste momento, consideramos que é un momento, aínda moi inicial, na causa xudicial que probablemente se siga contra o rei emérito e, polo tanto, tomar esa decisión agora, entendemos que sería pouco menos que vulnerar a presunción de inocencia, que é un principio recoñecido na Constitución e aválanos a todos, absolutamente a todos e, polo tanto, entendemos que esa decisión debe tomarse, pero non neste momento inicial, senón cando realmente exista un pronunciamento xudicial que demostre que efectivamente foron cometidos determinados delitos pola persoa do rei emérito e, entón, se que procederá, evidentemente, levar unha iniciativa deste tipo, pero neste momento do procedemento tan inicial, para nós, podería violentar un principio tan fundamental como o da presunción de inocencia e, polo tanto, mantemos que este non é o momento, aínda.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Nós vamos votar en contra, unha das razóns e polo que acaban de dicir, que de momento se está mirando, en España existe a presunción de inocencia e haberá que esperar, pero votaríamos en contra igual, aínda que saíse, porque para min, o rei é un anaco da historia de España e non son dos que pretende cambiar a historia, fixéseo ben, fixéseo mal, agora ímola a cambiar o nome a esta rúa, porque este non me gusta, non, foi rei de España durante anos, é un anaco de historia, para min, aínda que saíse culpable, non lle cambiaría o nome. Imos votar que non.

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Nós ímonos abster, única e exclusivamente porque este señor non tivo, aínda, un xuízo, non hai sentenza, como entrou a valorar a Sr. Rodríguez, existe a presunción de inocencia, pero cremos que cando este señor teña unha sentenza firme e sexa declarado culpable por todas estas barbaridades que lle están a sacar, evidentemente, cremos que o porto de Sanxenxo non ten porque levar o seu nome, despois de todos os escándalos nos que este home está a verse envolto, á parte pasando a situación que estamos a pasar, practicamente todo o país, no mundo, e este señor, pois millóns de euros, como se nada. Entón, creo que cando sexa declarado culpable, pois se.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Vou propoñerlle ao meu grupo municipal que vote en contra da moción presentada, como ben acaban de mencionar os seus compañeiros. efectivamente podemos engadir que, primeiro, haberá un pronunciamento da fiscalía e, despois, no seu caso, da sala do Tribunal Supremo e, por suposto, tamén, o que acaba de comentar o



compañeiro lago, que é certo que unha gran parte dos españois apoian a monarquía e, tamén, hai unha gran parte dos españois que recoñecen que, neste caso, o rei emérito tivo un papel fundamental na transición e actos a posteriori por todos coñecidos e, por iso, propoño que votemos en contra. Respecto ao tema dos aforamentos, Sandra, agora mesmo, poden tocar os aforamentos cando queiran, o tema de que Rajoy non tocou os aforamentos, xa está mais que vencido ese debate, xa fai tempo que está a gobernar, quen está a gobernar e, se queren tocar os aforamentos, poden tocalos cando queiran.

Sra. Fernández Agraso:

Volvo a repetir por senón se entende, non se trata dunha persoa normal e corrente que vai ter un xuízo normal é corrente, de feito, estes feitos son do ano 2010, non podemos esperar a unha sentenza cando era inviolable, polo tanto no vai haber unha sentenza, non vai ser xulgado polos acontecementos do ano 2010, polo tanto; podemos esperar sentados a que sexa condenado por algo ocorrido nesa etapa, poderá ser xulgado polo Tribunal Supremo polo que pase a partir do ano 2014, que foi cando abdicou, pero o gordo, o grave, o que agora está saíndo, que non sabemos se sairán mais cousas, evidentemente, pero o que está saíndo agora é do ano 2010, polo tanto non podemos esperar a unha condena e a unha sentenza. Hai unha parte dos españois que apoian unha monarquía, se, é unha pena non saber que parte, porque non hai un referendo, nunca houbo un referendo, para saber que parte dos españois apóiana e que parte dos españois non a apoian. E a presunción de inocencia, efectivamente, pero no momento e é no que nos baseamos, no momento no que o seu propio fillo di, nun comunicado da Casa Real e leo textualmente: *“en coherencia con las palabras pronunciadas en su discurso de proclamación, y con la finalidad de preservar la ejemplaridad de la corona, su Majestad el Rey quiere que sea conocido publicamente que su Majestad el Rey Don Juan Carlos tiene conocimiento de su decisión de renunciar a la herencia de Don Juan Carlos que personalmente le pudiera corresponder, así como cualquier activo, inversión o estructura financiera de origen, características o finalidad que puedan no estar en consonancia con la legalidad o con los criterios de rectitud e integridad que rigen su actividad institucional privada que debe formar la actividad de la corona”*. É o seu fillo, é o actual rei, o primeiro que non é que dubide ou poña presunción das actitudes do seu pai, senón que di, ademais, mesmo sabendo que non pode renunciar ata que morra o pai, non pode renunciar a súa herdanza e, en cambio, a sabendas de que non é así, fai un comunicado, iso quere dicir algo, iso é que está a ratificar as condutas, chamémoslle irregulares, do pai, e no mesmo escrito di: *“que su Majestad el Rey Don Juan Carlos ha pedido a la casa de su Majestad el Rey que se hagan públicos los siguientes extremos ”* e, no primeiro, di *“que de las dos fundaciones anteriormente citadas en ningún momento facilito información a su Majestad el Rey”*, é dicir, que o señor Rei emérito está a admitir que hai dúas fundacións ao seu nome, algo que xa de por se, é unha irregularidade, porque un monarca non pode ter nin fundacións ao seu nome, nin comisións ao seu nome, nin nada que non sexa esa asignación anual que lle pagaba o Estado, que lle pagamos os españois. Polo tanto non é algo que miremos na prensa, non é algo que a min se me ocorra, isto non é algo de se eu son monárquica ou son republicana e que está por encima diso, non é unha cuestión persoal, a min, no momento que se matou un elefante, xa non me caeu ben, pero xa



non é unha cuestión persoal, non é unha cuestión de non ser monárquica, estamos a falar de temas de irregularidades, de posibles corrupcións, de algo que ratifica o seu propio fillo na carta que manda en pleno estado de alarma, ou sexa, como vía o fillo de grave o tema, para xa poñer a tirita antes da ferida, polo tanto, eu entendo as votacións de cada quen, pero non empecemos pola presunción de inocencia, porque nin o seu propio fillo tivo presunción de inocencia no seu comunicado, porque non dixo esperemos a ver que sae do xulgado para decidir o que facer coa herdanza, non, mesmo antes de que morra o pai, que é cando ten que renunciar á herdanza, aínda o pai non está morto e renuncia á herdanza do pai, polo tanto é moi grave o que hai nesas contas, entón podo entender a votación de cada quen, pero se é certo que anacos da historia de España, hai moitos, de moitos anos, non só do rei, pero iso é como o feminismo e o machismo, unha cousa non é contraria a outra, cando, sobre todo, non significa o mesmo, hai anacos da historia de España que, non por ser historia de España, imos a estar orgullosos e non me estou a referir agora, aquí, a isto, pero que ese discurso é moi perigoso en certos partidos e en certas ramificacións, non polo feito de que digan as cousas, non deixemos de condenar esas cousas, para que non volvan pasar. Simplemente creo que o Porto Deportivo debe levar outro nome, que sexa merecedor do noso porto deportivo e, senón, un Porto Nauta ou Porto de Sanxenxo, dáme igual, é algo que debemos consensuar, porque estaría ben que se consensuase con nós, cos veciños e coas veciñas, pero non acusen ao BNG de non facer presunción de inocencia, ou de alarmar, ou de estar apurándonos nun proceso, que o seu propio fillo renuncia a unha herdanza antes de que o seu pai morra, polo tanto creo que o tema é bastante grave, que o tema está acaído, totalmente, para traer esta moción, nada mais.

Sra. Deza Martínez:

Simplemente dicir que eu, ao que fixen alusión, é a outro principio fundamental, que é a tutela xudicial efectiva, en recoñecemento ao que acaba de dicir Sandra, aínda a fiscalía está en investigación e, nesa investigación, verase, non creo que este sexa o foro para facer xuízos paralelos.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (Grupo Municipal do BNG).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 3 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, a moción anteriormente transcrita non resultou aprobada.-----



2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O PLAN DE EXPANSIÓN INTEGRAL DE FIBRA ÓPTICA EN SANXENXO. (RE NÚM. 2020006574 DO 2407/2020). A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“ PLAN DE EXPANSIÓN INTERGRAL DE FIBRA ÓPTICA EN SANXENXO

Dna. Sandra Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Sanxenxo ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPÓN:

A internet é una infraestrutura fundamental na vida da veciñanza, do empresariado e das relacións comerciais en xeral. É un ben de primeira necesidade tanto no seu uso industrial, comercial, educativo e doméstico. O BNG entende que o concello de Sanxenxo debe traballar axiña na procura dunha estrutura potente que soporte o mercado dixital actual e de futuro. Motivo que nos leva a destacar a imperiosa necesidade de instar ao goberno local a traballar en proxectos que permitan limar a fonda brecha dixital na que vive a maior parte da nosa veciñanza, pois, vai en prexuízo da súa calidade de vida e da limitación das perspectivas de crecemento dos pequenos comercios, dos autónomos e dos produtores locais. A maiores, esta brecha dixital, supón un agravio comparativo ao respecto de outros contornos interiores e de zonas máis urbanas, as limitacións do modelo educativo online (tan necesario nesta pandemia), diminuír as opción de impulsar a modernización dos comercios e industrial para poder desenvolver un tecido empresarial competitivo, innovador e xerador de emprego.

O recomendado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) no seu “Plan de banda larga de Galicia 2020” depende da Xunta de Galiza e a propia comisión Europea para o ano 2020: garantir cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade de poboación fomentando a inclusión social e a competitividade e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100 Mbps.

Números moi afastados do servizo actual que estamos a ter en Sanxenxo, onde vimos neste confinamento como o teletraballo e educación online foi nefasta polas dificultades dixitais que ten o noso concello.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza que execute xa un Plan de expansión integral de fibra óptica en todo o noso concello e cumpra co disposto pola Comisión Europea en materia de prestación do servizo de internet no “Plan de Banda Larga de Galicia 2020” da Axencia para a Modernización Tecnolóxica dependente da Consellaría de Presidencia neste ano 2020. ”

Sra. Fernández Agraso:

A urxencia, isto xa chega tarde, chega moi tarde, parece mentira que un concello como Sanxenxo, onde se nos presupon unha modernidade en certas cousas, que



teñamos unha internet tan nefasta e, se eramos conscientes de que era nefasta, somos moitísimo mais conscientes co tema desta pandemia, sobre todo a nivel de teletraballo e a nivel de estudos dos rapaces, mesmo, aínda que non pasase a pandemia, desde logo é algo que tiñamos que traballar nisto e tiñamos que mellorar moitísimo, se é certo que, mesmo con esa pandemia e mesmo na situación na que estamos agora, se podemos ver e, á parte que nos tivemos reunións, eu, como presidenta da ANPA, tivemos reunións, tanto co alcalde, como coa concelleira de educación, coas distintas ANPAS, distintos colexios, institutos e demais e, se é certo, que na ANPA, a maior queixa que había no tema educativo polo tema do confinamento, era o mal funcionamento de internet e como os rapaces estaban a sufrir este mal funcionamento e, se a iso, ademais, aumentamos o teletraballo, ás veces había familias que tiñan que elixir, se teletraballo ou se educación e, ás veces, só podían acceder, minimamente, a facer ben unha das dúas cousas. É certo que hai unhas subvencións, a nivel europeo, que viñeron para Galicia para modernizar todo isto e o que se pide é que se poñan as pilas dunha vez por todas, que se dote a Sanxenxo, tanto no rural como nas vilas, porque creo que nas vilas tampouco están sendo moito mellores que no rural e que poñamos as ansias, no pleno século vinte un, en canto á banda local refírese.

De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Creo que somos todos conscientes que isto é unha asignatura pendente no concello de Sanxenxo, de feito creo lembrar que absolutamente todos, senón todos, case todos, polo menos nós se que o levabamos no programa antes das eleccións, polo tanto vamos votar á favor, porque consideramos que, efectivamente, isto é unha asignatura pendente e xa tería que solucionarse antes e que, de feito, cando mais se notou, efectivamente, esta dependencia que temos hoxe en día de internet para todo, foi co tema da pandemia, polo cal nós imos votar a favor, porque entendemos que, efectivamente, en Sanxenxo, é unha asignatura pendente.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Isto se que nos parece unha cousa importante, nos tamén o levamos no noso programa e iamos tentar telo gratuíto en todas as prazas públicas das sete parroquias e isto se, isto vamos votar a favor, porque isto é o futuro, con isto é co que vamos a traballar, co que van a aprender os xoves e os rapaces e, nisto, estamos totalmente de acordo.

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Nós imos a votar a favor tamén, porque, evidentemente, é unha ferramenta indispensable nos tempos que corren e a pandemia demostrouno e, como experiencia persoal, podo dicir que levo traballando oito anos na zona de Montalvo, zona turística e zona de cámpings, veñen turistas que pasan toda a tempada aquí e, evidentemente, necesitan internet, porque teñen que traballar e é inexistente o sinal de internet, teño que dicir que as propias empresas estiveron recollendo sinaturas para que revisasen ese problema e viñeron empresas para facer medicións e



realmente non se chega nin ao mínimo que tiña que haber de sinal de internet, isto implica que as empresas que están nesa zona cada vez contratan, ou sexa, fan contratos coas empresas que lle subministran internet, porque dan ese servizo, cada vez mais tarde, porque queres contratar a máxima cobertura de internet, entón, ao final, a xente segue sen poder traballar desde as súas vacacións, sobre todo na zona rural e non pechan un servizo pola parte da empresa nin axeitado, entón, vamos votar a favor porque se, é necesario.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

En relación ao que acaba de comentar Sandra, efectivamente, hai unha liña de subvencións europea, esa liña de subvencións foi trasposta xa pola Xunta e polo Estado, é dicir, hai dúas liñas subvencionables que, de feito, están en Sanxenxo adxudicadas, R é unha das adxudicatarias desas subvencións, como ben saben a subvención da Xunta vai destinada ao despregamento no rural, o que se busca, inicialmente, é que ningún recuncho de Galicia estea sen fibra e, despois, está a subvención estatal, que fai mais fincapé no que é a zona urbana. Hai varias empresas subministradoras, cun mapa xa de despregamento para facer por todo o termo municipal e, en principio, este mapa estaría, cremos, que ao 100% no ano 2023, está dividido por zonas, se hai zonas nas que están actuando, de feito pola zona de Canelas, Arra, xa actuaron, xa se fixo moito despregamento aéreo, pero se é certo tamén que moitas empresas subministradoras teñen o problema de que hai que facer obra civil e, como ben sabedes, a dona das instalacións é Telefónica, de cando era a época do monopolio e, todas as subministradoras, utilizan as instalacións de Telefónica, senón hai apoios, senón hai instalacións de canalizacións, as empresas teñen un sobre custo moi importante, por iso están facendo este despregamento en base as subvencións concedidas por parte da Xunta e por parte do Estado. O que buscan con estas sinaturas que comentaba Marta, o que buscan é as demandas dos clientes, porque canta mais demanda teña esa subministradora, antes fai o despregamento e, polo tanto, é o que buscan, esas demandas, pero se é certo que xa teñen un mapa de todo o concello e tivemos ocasión Telmo, o alcalde e mais eu, de velo na época do confinamento, tivemos unha videoconferencia cunha das empresas subministradoras e teñen distribuído absolutamente todo o termino municipal, dependendo das infraestruturas existentes, pero xa, neste momento, están a facer moito despregamento aéreo por gran parte do concello e moita parte do rural xa ten feito o despregamento, xa ten conexión e, a parte de Montalvo, eu creo que, probablemente, teña en breve xa feito o despregamento, porque están na zona de Arra, xa fixeron ese despregamento e, polo tanto, en base a esas dúas liñas de subvención, xa está totalmente perfilado ese mapa e, polo tanto, consideramos que xa está esta cuestión, que se insta nesta moción.

Sra. Fernández Agraso:

En pleno confinamento, como dicía, nas reunións que tivo o alcalde e, polo que tamén se sabía, efectivamente, R é unha das empresas que saíu adxudicataria da Xunta, tamén é certo que R leva ano e medio sen operar, totalmente sen facer nada, tamén é certo e, vostede sabe que temos falado disto, e niso quero crerlle o que vostede sempre me dixó e creo que non me minte, que as empresas subministradoras tamén menten moito, porque no momento que hai unha demanda grande e pídese, non hai



garantía de que vaian poñercho e o se ben e, o que din, é: “se, nós queremos poñelo, pero é o concello que non nós dá a licenza”, vostede sabe perfectamente que iso é o que din, porque o temos falado e, vostede tenme comentado que non a solicitan en tempo e forma e, por iso, non se lle pode, ou sexa, eles sábenllas todas, saben cando votarlle a culpa a outros, porque non fan ben o seu traballo e saben como manexar o tema, pero, ao final, non poñen a fibra, tamén o feito de contratar mais cobertura, pode contratar e cobrar mais, pero se non se dota de infraestrutura esa zona, por moito que contratos moitos megas, chegan os que chegan e o se, tamén, por tema propio, podes contratar 100, que se a infraestrutura é de 5, van chegar 5, aínda que contratos 100, por iso hai que dotalo de esa infraestrutura. Ademais, recoñecía o propio Telmo Martin nunha reunión cos demais directores dos colexios e das ANPAS, onde nós pedía que, mesmo nós, fixeramos unha declaración individual, protestándolle a R o feito de internet, polo tanto, ben non está funcionando, polo tanto non está de mais nunha moción instar a que traballen mais rápido ou, polo menos, que doten antes desa infraestrutura a todo o Concello, para que non se tomen isto dunha maneira relaxada e poida, cando menos, a xente teletraballar, non sabemos canto vai durar isto e sabemos que o tema de teletraballo poden tirar por aí moitas empresas no futuro, no tema de educación, veremos como comezamos o curso en setembro, veremos como están os nosos estudantes en outubro, polo tanto, eu creo que é necesario, ao mellor, facer moitas mais cesións e, se para iso axuda esta moción, non vexo ningún problema en que poidamos pasar por unanimidade.

Sra. Deza Martínez:

Simplemente facer unha alusión, efectivamente temos falado desta cuestión, se ben é certo que o tema do mapa vímolo nesta época de confinamento, xa tirando ao final, unha reunión que tivemos eu mais o alcalde e que tiñamos todo este despregamento pechado, tratado e todo, é dicir, co tema das datas, que vai a finalizar, en principio, no ano 2023 e, se é certo, que había unha pequena discrepancia co Concello que eles nos solicitan, porque había unha cuestión que o Concello lles requiría para que esas infraestruturas fosen soterradas, como ben sabedes todas estas estruturas solicítase que sexan soterradas, se ben é certo que a posteriori, despois dunhas alegacións, pola Lei de Telecomunicacións, facían alusión a que se podían utilizar os apoios existentes, por aéreo, en precario, entón o que se está agora, é autorizando esas solicitudes que está a facer, moitas delas, Telefónica, neste momento, que está a facer este despregamento e en precario, é dicir, se está a autorizar a que fagan esas conexións polos postes existentes e, coa coletilla, de que, no momento en que esas instalacións se soterran, correrá a cargo da empresa subministradora esa obra civil, non correrá a cargo co Concello e, polo tanto, agora se que se está a autorizar ese despregamento, había unha discrepancia neste sentido con todas elas e había o problema que dicía antes. Orange e R foron dúas das empresas que viñeron para facer o tema do despregamento, Orange fixo unha parte é tiña o problema, tamén con Telefónica, polo tema da utilización das canalizacións, que non lle daban dado as autorizacións, a propietaria das instalacións é Telefónica e teñen tamén un problema con esa cuestión, pero parece ser que agora xa está mais ou menos avanzado é, en principio, non hai ningún tipo de problema.



Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 06 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Abstencións: 0.

En consecuencia, a moción anteriormente transcrita non resultou aprobada.-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO. (RE NÚM. 2020006574 DO 2407/2020). A Sra. **Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Dna. Sandra Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Sanxenxo ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o **noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado**, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, **“contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”**. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais. **(Estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros)**

A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumplir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local



non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou **“Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”**

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

2. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.”

Sra. Fernández Agraso:

Esta é outra mais que podería ser tratada con anterioridade, se é certo que non vou a entrar neste momento en se a Lei Montoro era necesaria ou non era necesaria, se foi boa ou foi mala, no vou debater iso, pero se que é certo que, agora mesmo, non ten sentido e se é certo que, agora mesmo, é contraproducente para os Concellos e se é certo que, agora mesmo, a situación económica antes do Covid, xa era distinta, polo tanto, mesmo en novembro, efectivamente, a FEGAMP pedía esa flexibilización dese superávit, atendendo a que xa non era necesaria esa Lei tan estrita, pero agora mesmo, co Covid, é necesario ese superávit para facer fronte a moitísimas circunstancias a que nos levaron o tema do Covid, o que non entendemos e o que non estamos dispostos a asumir e así nos gustaría que estivesen connosco, é que o Estado se apropie dos cartos do superávit que teñen os Concellos e tampouco, supoño que pola condición de nacionalistas, a que a FEMP sexa quen negocie isto, senón a FEGAMP, que engloba a todos os concellos e deputacións do noso territorio, que ademais saben que as nosas casuísticas son moi distintas ás doutros territorios, polo envellecemento, pola dispersión, por moitas outras cousas, penso que o mellor e velar polos nosos intereses e os intereses dos nosos concellos. E un tema de responsabilidade, porque nesta moción, o que estou pedindo, é que Telmo Martín



teña mais cartos para gastalos, algo que, ao mellor, pode que politicamente non se entenda, pero é polo ben dos veciños e veciñas, o que non pode ser é que os concellos que teñan superávit, concellos que fixeron un esforzo e concellos que están ben economicamente, non poidan gastar eses cartos dos veciños e das veciñas e que teñan que ser remitidos ao Estado e o Estado os distribúa da maneira que considere oportuna, non nós parece xusto, non nos parece lóxico, polo tanto cremos que hai que derrogar esta lei, que hai que articular, a través da FEGAMP, que sexan os nosos interlocutores, unhas condicións de como gastar eses cartos, estamos a falar dunhas directrices para a totalidade dos concellos, estando representados, practicamente, todos os partidos e, seguramente, entre eles, buscaran a mellor maneira de distribuír este superávit, non o Estado, que nós consideramos que sería totalmente inxusto e non estaríamos dispostos a que os cartos de concellos que están levando unha boa situación económica, polos motivos que sexan, se distribúan polo Estado.

Sr. Presidente:

Como o Partido Popular ten unha moción para os mesmos temas, o que se vai a facer é, con esta moción do BNG, que vamos a votar a urxencia, debater todo.

De seguido o **Sr. presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

En canto a este punto, é de manifestar que, evidentemente, nós tamén entendemos que este diñeiro, que non é do Concello, senón dos veciños de Sanxenxo e, a mellor forma que teñen de rendibilizar este diñeiro, que é deles, é a través da corporación municipal, a través da administración que é mais próxima aos veciños e que pode solventar as súas necesidades da forma mais cercana e, debería, mais eficiente, polo tanto entendemos que, en ningún caso, debería reverter nas arcas do estado, senón que debería quedarse nas arcas da corporación municipal, polo tanto, entendemos que esta moción, presentada polos compañeiros do BNG, é correcta e nós vamos a apoiala, porque entendemos que ten que ser así, o diñeiro é do pobo de Sanxenxo e o pobo de Sanxenxo é o que ten que gozalo, polo tanto entendemos que o xusto é que se quede nas arcas do pleno da corporación municipal.

O Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Eu vou polo mesmo lado, claro que se, cantos mais cartos teña o Concello de Sanxenxo mellor, pero isto xa o falamos nunha comisión, non se se vos acordades, e espero que se faga o que se pide aquí, porque Telmo e o señor Guisasola, dixéronnos a todos os que estabamos alí que, se se conseguía isto, eses cartos xa teñen destino, para a Cultural de Villalonga, sacouse do presuposto por terceira vez para pagar as taxas das terrazas, pero se se conseguía isto, xa teñen destino os cartos, así que, para Villalonga, para Sanxenxo, será marabilloso isto, se o Partido Popular cumpre o que falou, marabilloso, estamos de acordo e imos votar a favor.

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Nós ímonos abster, está a traballarse xa niso, nos pensamos que hai que apoiar tamén os presupostos do Estado, entón, nós, ímonos abster.



Sra. Martínez Santos, concelleira do Grupo Municipal do PP:

O Partido Popular do Concello de Sanxenxo está de acordo en moitos dos puntos desta moción presentada polo BNG, pero se que temos unha discrepancia, que é a total derogación da Lei de Estabilidade Orzamentaria, nós, o que pedimos, é que se utilice nos concellos o mesmo mecanismo que quere utilizar o goberno central para apropiarse deses quince mil millóns de euros de aforros dos concellos, sumando toda España, tal como dixo Sandra, oitocentos noventa millóns son dos concellos de Galicia, pero iso sen ter que derogar a Lei de Estabilidade Orzamentaria, aprobada no ano 2012, se ben podemos estar de acordo en que esa lei pódese flexibilizar, agradecemos á señora Fernández que nos permita incrementar o nivel de débeda do Concello, pero nestes momentos, estamos no 10%, coa actual lei podémonos endebedar ata un 75% e cremos que xa estamos cun límite que nos permite facer o noso presuposto perfectamente. En definitiva, nós tampouco queremos que o goberno central toque nosos aforros, pero sen ter que derogar a Lei de Estabilidade Orzamentaria, porque se que cremos que ten moitas cousas boas, entre elas que, por esa lei, podemos ter estes aforros dos quince mil millóns de euros que, seguramente, senón existise esta lei, non os poderíamos ter, pero se estamos de acordo en esixir flexibilidade extraordinaria para unha mellor recuperación da crise e así poder reactivar a economía mais facilmente.

Sra. Fernández Agraso:

Como dicía antes, non vou cuestionar se a Lei Montoro era o mellor neste momento que estamos a pasar economicamente, non quero entrar niso, pero o que se queda claro, é que, neste momento, non funciona, é contraproducente, ademais é unha lei que se fixo expresamente para un momento puntual económico, agora non estamos nese momento, estamos noutro momento moi distinto, ademais das consecuencias da pandemia, polo tanto se cremos que hai que derogar e buscar un mecanismo mellor para isto. O tema do superávit, non ten sentido que che entre auga e teñas cartos no banco, arranxa as pingueiras, aínda que teñas menos cartos no banco, digo eu, entón, por iso, neste momento, esa lei non está resultando efectiva, hai que cambiar, hai que facer outra lei, outros mecanismos, artellar doutra maneira para eses cartos, que son dos aforros dos galegos e das galegas. Cando se está a falar dunha lei estatal e estamos a falar dunha lei estatal, entendo que vostede diga o tema do endebedamento de Sanxenxo, pero non somos o embigo do mundo, cando se está a falar de eliminar unha lei, cando se está a falar do tema de flexibilizar a posibilidade de endebedamento, estamos a falar de todos os concellos, non estou personalizando en Sanxenxo, agora, a nós, non nós é necesario esa flexibilización, pero, ao mellor, outros concellos o están a pasar peor, non todos os concellos teñen superávit, mesmo concellos do Partido Popular, moitos concellos do Partido Popular, non teñen superávit, entón, o mellor para levar a cabo medidas, sobre todo polo tema da pandemia, xa non só en infraestruturas, que tamén está moi ben, pero se é certo que van vir tempos difíciles, tempos nos que, ao mellor, temos que tomar ese superávit para facer cousas como consecuencia desta pandemia e hai concellos que non van poder, porque non teñen superávit e non poden endebedarse mais, entón, que pasa con eses concellos? Hai que buscar a mellor maneira para todos, para que podamos saír disto o mellor posible, ao mellor Sanxenxo ten superávit e podemos pasalo moito



mellor que outros concellos, pero estamos a falar de derrogar unha lei, polo tanto temos que ver todas as vertentes, non só un concello concreto, non só mirar por nós. O tema do gasto dese superávit estaba regulado, evidentemente e verase en que se pode usar e en que non se pode usar, se é verdade que a min gustaríame, tanto se veñen os cartos de Europa, como os deste superávit, que se contase co resto da corporación, para poder usalos do mellor xeito posible e que iso redunde, tamén, na totalidade dos veciños e das veciñas, coas súas ideas e coas nosas ideas. Comentábo hoxe pola maña con Paula, ás veces é unha cuestión de semántica, eu entendo que a lei foi feita por vostedes, por iso tampouco quero entrar nun debate político, a estas alturas, de se me gusta ou non a Lei Montoro, simplemente que, neste momento, consideramos e creo que vostedes tamén o consideran, que está sendo prexudicial, porque se aínda por encima de nós aforrar, veñen outros e lévannolo, pois fixemos un mal negocio. Entón, xa que nós apertamos o cinto, ademais, tanto vostedes como nós, nós apertamos o cinto, sobre todo apertáronse o cinto os veciños e veciñas de Sanxenxo, polo menos que poidan gozar do mal que o pasaron nos últimos anos e non que veña o Estado a collelo e distribuílo como mellor lle conveña a eles, entón vamos a reivindicar as medidas oportunas que consideramos, ademais cremos que será a FEGAMP a que mellor busque este regulamento, fiámonos dos criterios dos alcaldes e alcaldesas de Galicia e das deputacións, esperemos que podamos buscar o mellor acordo para todos e todas.

Sra. Martínez Santos:

Eu só unha cousa, aínda que me repito un pouco, quero que quede claro que, no fondo, estamos de acordo, pero se poden adoptar as mesmas medidas que vai utilizar o goberno central, que nolas permitan utilizar aos Concellos, sen ter que derrogar a lei, porque se que cremos que está activa en moitos dos seus puntos, aínda que se é verdade que estamos a favor da flexibilización.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 4 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Abstencións: 2 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).

En consecuencia, a moción anteriormente transcrita non resultou aprobada.-----

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DE ESPAÑA (RE NÚM. 2020006603 DO 27 DE XULLO DE 2020). A Sra. Martínez Santos, concelleira do Grupo Municipal do PP, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:



“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO

O grupo Municipal Popular no concello de Sanxenxo, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ó Pleno Municipal a seguinte moción para a utilización dos fondos municipais por parte do goberno do estado:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado de 3 de xullo a "Comisión para la Recuperación Social y Económica de España" aprobou permitir ós concellos a utilización flexible do superávit e do remanente dos anos 2019 e 2020.

Unha votación que foi adiante co apoio de tódolos partidos políticos, excepto Vox que se excluíu da comisión voluntariamente e do voto en contra do PSOE, pese a que o 20 de abril, Abel Caballero presidente da FEMP, e a súa Xunta de Goberno mantiveron unha videoconferencia co Presidente do Goberno, na que este se comprometeu a permitir o uso do superávit e o remanente dos concellos para superar a crise sanitaria e económica.

Sen embargo, a semana pasada, Abel Caballero, sen o coñecemento da Xunta de Goberno, chegou a un acordo coa Ministra de Facenda para que o Goberno de España utilice para a súa propia financiación os 15.000 M€ que os concellos de España suman entre superávit e remanente nos anos 2019 e 2020.

É dicir, una vez mais, atopámonos que o Presidente de Goberno en abril comprométese a unha cousa e, en xullo, fai xusto a contraria. O seu partido vota en contra do que prometera, e a Ministra de Facenda pretende apropiarse dos 15.000 M€ dos concellos e, por si fora pouco, devolvelos ao longo de 10 anos.

O martes 28 está convocada unha Xunta de Goberno na FEMP forzada polo gran malestar que hai entre os alcaldes de España, incluídos destacados membros da executiva do PSOE, coma o Alcalde de Valladolid, que non comparten as conversacións que Abel Caballero estableceu unilateralmente co Goberno de España.

Os 15.000 M€ dos concellos son froito dunha xestión responsable e unha política de estabilidade orzamentaria que, nunha crise como na que nos atopamos, debe redundar no beneficio dos concellos e dos seus cidadáns. Non é admisible que o

Goberno de España queira utilizar este diñeiro para corrixir o seu déficit, especialmente, cando o Consello da Unión Europea acaba de aprobar axudas para España por importe de 140.000 M€. Uns cartos que tamén deberían reverter nas entidades locais para o impulso de proxectos estratéxicos de carácter medioambiental, dixitalización e fomento do emprego, reactivación do comercio e pequenas e medianas empresas e, en xeral, para todos aqueles gastos que se precisen para facer fronte a situacións extraordinarias derivadas da enfermidade covid-19.

Por todo o exposto, o Partido Popular propón ao Pleno da Corporación Municipal os seguintes:

ACORDOS



1. Instar ó Goberno de España, e en concreto ó Ministerio de Facenda, a que desista da súa intención de utilizar para a súa propia financiación os 15.000 ME de superávit dos concellos de España. E, polo contrario, flexibilice a utilización dos fondos polas entidades locais podendo así, ademais de amortizar a débeda e financiar inversións financeiramente sostibles, desenrolar iniciativas para impulsar a actividade económica e mellorar os servizos municipais afectados pola covid-19.

2. Que os 140.000 M€ que a Unión Europea dará de axudas ao Goberno de España, dos que 68.000 M€ son en créditos e o resto a fondo perdido, teñan repercusión na implantación de proxectos na administración local para a financiación de proxectos estratéxicos.”

Sra. Martínez Santos:

Os concellos de España queremos o mesmo que o Goberno de España conseguiu en Europa fai unha semana e, por iso, é urxente que o goberno central tome as medidas oportunas para que os concellos poidan utilizar os seus aforros, hai mesmo diferentes proxectos estratéxicos, fomento de emprego ou reactivación económica, xa que hai gastos que non poden esperar e téñense que levar a cabo pola parte dos concellos e que imos ter que seguir aplicando durante todo o ano e, sobre todo, é urxente porque tampouco queremos que o goberno gaste os nosos aforros para outras cousas.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Quero dicir que, unha vez mais, vémonos con que a nós esixídesnos unha cousa que vós non cumprides, xa falamos aquí, reiteradamente, porque non é a primeira vez que pasa, que a nós esíxellenos que as mocións teñen que ir cun mínimo de tres días de antelación, porque senón non se debaten no pleno e, sen embargo, vós, outra vez, mandádesnos unha moción tarde, mal e arrastro, pola mañá e vai pasar a urxencia e vaise a discutir, entón, as vosas se, as do resto non, non me parece xusto, aínda así, eu sempre dixen que eu cría que todas as mocións deberíanse debater, polo tanto non vou votar en contra da urxencia, pero se quero manifestar, unha vez mais, o abuso e a desigualdade que hai, que cando é vosa, podeades facer o que queirades, pero a nós se que nos esixides outras cousas e non me parece xusto.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

A min se me gustaría que fose un criterio unificado, é dicir creo que nós atendemos a este requirimento do señor alcalde de facelo antes do venres as dúas da tarde e estamos a facelo así, para que poida pasar a urxencia, é dicir, que a miña moción, se hoxe pola mañá metése non se podería debater, en cambio, a do Partido Popular se, pero a miña pódese debater porque a puxen o venres, a min paréceme un criterio... Eu poido entender que vostede non queira debater algunha moción e que vote en contra da urxencia, iso é legal, lexítimo e todo o que queira, pero entón non poñan á escusa dos días, non é xusto que a nós pídannos unha antelación e, en cambio, vostedes, mesmo no último pleno foi con oito horas antes, que estábamos a durmir, lémbrolle, entregouse ás doce da noite e tiñamos un pleno as nove da mañá, entón, un criterio unificado, se o noso ten que ser o venres, o voso tamén, entendo eu, a non ser que sexa algo que ocorrese no fin de semana ou no luns, ou iso ou as traemos o luns todos e, logo, decidimos ou deciden vostedes se pasan a urxencia ou non pasan a urxencia, pero non a escusa do tempo, simplemente iso.



Sr. Presidente:

Non lembro eu, pode ser que pasase, non lembro eu que dixésemos que as mocións, as urxencias non se fosen a aprobar senón están con tres días, non dixemos iso, agora resulta que contamos todos os días, o sábado e o domingo. Os plenos son os luns e, polo tanto, o mínimo e traer o día anterior a moción, se o pleno fose os martes, pódese traer a moción o luns, non dixemos tres días, vale? Iso é un xogo que fan vostedes, que lle ven moi ben, iso por un lado, entón, mesmo se vén o mesmo luns, pola mañá e non as dúas da tarde, cando pecha o rexistro, que de tempo a preparar o tema, pódese debater nos plenos e imos votar a urxencia, ou sexa que ese tema non é así. Como os plenos son os luns, o ideal para unha moción é traela o día anterior, para que o grupo, neste caso de goberno, faga unha contestación, un estudo ou o que sexa, se fose o martes ou mércores non hai ningún problema en que sexa o día anterior, se o pleno son os luns, como é obvio que son os últimos luns de cada dous meses, bimensual, é normal que sexa o último día o venres, porque o sábado e o domingo está pechado o concello e, se estivese aberto o domingo, podía ser o domingo, pero creo que ese non é o problema, para que quede claro, para as próximas veces, o que dixemos é que non se vai aprobar unha urxencia das mocións traídas aquí, no pleno, tráennos aquí as fotocopias e tal, a non ser que sexa unha cousa de extrema necesidade, que efectivamente sexa urxente o tema, eu creo que queda claro ese punto. Referente a que nós usamos un criterio distinto, non é certo, tan pronto chegou a moción, Paula Fernández, concelleira de facenda, púxose en contacto coa persoa que presentou a moción para chegar a acordo é facer unha conxunta, apoiando o tema, ademais acábo de dicir a nosa concelleira de facenda e, como non se chega, a única maneira que vemos de tratar este tema, de enfocalo, é presentando nós unha moción pola mañá, quedamos en que se chegaban a acordo con vostedes agora, antes do pleno, nós retirabamos a moción, foi así ou non Paula? Como non se chegou a acordo, vai a moción, é unha cousa do mesmo asunto, é como se fose a moción do BNG, non é meter nós unha cousa distinta, creo que non estamos a facer ningún xogo distinto, sinceramente, entón, dito isto, o que había que xustificar é a urxencia, eu creo que está debatido o tema, que xa o dixemos ao principio.

De seguido o **Sr. presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.

Sra. Fernández Agraso:

Simplemente dicir que os acordos son distintos, é dicir, que toda a xente entenda porque votan en contra da miña e, ao mellor, desta non, porque os acordos son distintos. Á diferenza é que nos insistimos na derogación da Lei Montoro e cremos que o que vén a dicir esta moción é cambiar isto nese momento e non, esa lei xa está obsoleta e nos pedimos a derogación da Lei Montoro, simplemente iso.

Sra. Martínez Santos:

Simplemente, tamén nós para aclaralo, nós pedimos a flexibilización da lei e a utilización dos mesmos mecanismos que vai utilizar o goberno central e que lle solicitou a Unión Europea, xa que cremos que, grazas a esa lei, podemos ter estes aforros.



Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación**, a moción resultou aprobada nos termos anteriormente transcritos.-----

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA A INCORPORACIÓN AO ORDE DO DÍA DO PLENO DUN APARTADO ESPECÍFICO DEDICADO AO CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA CORPORACIÓN. (RE NÚM. 2020006552. A Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“MOCIÓN PARA LA INCORPORACIÓN AL ORDEN DEL DÍA DEL PLENO DE UN APARTADO ESPECÍFICO DEDICADO AL CONTROL DE LOS ÓRGANOS DE GOBIERNO DE LA CORPORACIÓN.

D^a Vanessa Rodríguez Búa, concejal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, incluído en el Grupo Mixto del Ayuntamiento de Sanxenxo, presenta al Pleno del Ayuntamiento la presente MOCIÓN para su debate y aprobación, si procede, de acuerdo con la siguiente

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El desarrollo, contenido y demás extremos relativos a la actividad plenaria del municipio de Sanxenxo se rige en la actualidad por el Real-Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF).

La reciente sentencia de la Sala contencioso-administrativa del Tribunal Supremo de 5 de junio de 2020 (rec.2988/2017) se ha pronunciado, como cuestiones de interés casacional, sobre dos vertientes de las sesiones de los órganos de los entes locales, que completa las exigencias del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen de los entes locales de 1986.

Cabe destacar los siguientes extremos de dicha sentencia del TS:

“El designio del legislador fue, por tanto, que se diera relevancia, mediante una específica singularidad, a esa parte no resolutive de las sesiones del Pleno. Dicho términos legales, que tuvieran "sustantividad propia y diferenciada de la parte resolutive", debiéndose garantizar de forma efectiva en su funcionamiento la participación de todos los grupos municipales . Y no puede garantizarse esa sustantividad propia, mediante el angosto cauce que proporcionan los



"ruegos y preguntas", a tenor de la regulación que sobre los mismo diseña el artículo 97, apartados 6 y 7 del ROF.

Resulta esencial, por tanto, a tenor del citado artículo 46.2.e) de la LBRL que se distinga en cada sesión, entre una parte resolutive (que termina mediante una resolución administrativa) y, por lo que hace al caso, otra parte de control y fiscalización. Esta segunda parte ha de tener una naturaleza propia y diferente a la parte resolutive, en la que se garantice la participación de todos. En definitiva, lo esencial es que, en su configuración y aplicación, se garantice "de forma efectiva" su funcionamiento, y la "participación de todos los grupos municipales" (artículo 46.2.e) de la LBRL), que no puede garantizarse, como hemos señalado, mediante los ruegos y preguntas."

El TS viene a decirnos que en las sesiones plenarias ordinarias debe dedicarse una parte de la sesión al control de los órganos de gobierno de la corporación, ex artículo 46.2.e) de la LBRL, mediante un apartado específico, que tenga sustantividad propia, distinto y al margen del apartado relativo a los «ruegos y preguntas». En suma, en los plenos tendrá que haber una parte resolutive (asuntos precisos del orden del día), una parte sustantiva de control con participación de todos y con obligación de tratarlas, y una final de Ruegos y Preguntas.

Para dar cumplimiento a este pronunciamiento del Tribunal Supremo y, sin olvidar, que entre los principales principios de la Administración Pública de España, nuestra legislación dedica una especial atención al respecto del principio de transparencia y participación, consideramos que debe acordarse introducir en la Orden del Día de todos los Plenos Ordinarios venideros que se convoquen un apartado, en el que específicamente se produzca ese control sustantivo del gobierno con participación de todos los miembros del Pleno.

Por lo expuesto, el grupo municipal Ciudadanos eleva al Pleno del Ayuntamiento los siguientes

ACUERDOS

PRIMERO.- La incorporación en todas las sesiones plenarias Ordinarias de un apartado específico dedicado al control de los órganos de gobierno de la corporación, que tenga sustantividad propia, distinto y al margen del apartado relativo a los «ruegos y preguntas»."

Sra. Rodríguez Búa:

En canto a urxencia, eu considero que é un tema urxente, porque polas experiencias que vivimos desde a oposición, nos últimos plenos, veuse mermada a nosa facultade de control, en canto a que se nos limitou o acceso á presentación de mocións, polo que comentabas antes e esixindo un prazo que, agora, parece que se volveu a flexibilizar ou, mesmo, cencenándonos o dereito que temos a facer preguntas, polo tanto entendemos que é unha cuestión mais que urxente, porque estamos a falar dun dos dereitos fundamentais que temos como representantes, como concelleiros ao fin e ao cabo, polo tanto entendemos que se é urxente.

De seguido o **Sr. presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.



Sra. Rodríguez Búa:

En canto a defensa da moción simplemente dicir iso, como todos sabemos, no seu día, o Concello de Sanxenxo contaba cun regulamento que viña a delimitar como se tiñan que desenvolver os plenos, ese regulamento se derogou xa fai dous anos, mínimo e non temos unha regulación nova, que veña a substituír esa, polo tanto temos que remitirnos ao ROF, que é a lei xeneral que existe para todos, este ROF é o que precisamente vén a interpretar esta sentenza, que ten apenas pouco mais dun mes, do Tribunal Supremo e que vén a dicir que nas sesións plenarias ten que haber unha parte específica que, aínda que formalmente existe, porque esa parte de control, fisicamente está escrita na orde do día é aparece como tal, pero o desenvolvemento non se corresponde co que o Tribunal Supremo está a facer, di que ten que haber unha parte diferencial dos rogos e preguntas, na que se participe por parte de todos os grupos municipais, por parte de todos os representantes dos cidadáns e dunha forma activa e que controle ao goberno e que o goberno se verá na obriga de dar resposta a esas demandas, polo tanto entendemos que ao Concello de Sanxenxo, que sempre lle gusta ser pioneiro e facer gala de moitas cousas, ten a oportunidade de, quizais, ser pioneiro na interpretación desta sentenza do Tribunal Supremo e en dar cabida a esta interpretación que fai o Tribunal Supremo para ampliar o que o ROF diga.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

En relación con esta moción estamos de acordo, porque nos inclúe a todos os que somos concelleiros da oposición e imos votar a favor.

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

O mesmo, imos votar a favor, tamén, da moción da señora Rodríguez, beneficiáanos a todos.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Xa non é unha cuestión de que beneficie ou non beneficie aos concelleiros da oposición, senón que é un tema de transparencia e democracia, como moitas veces faise no parlamento, é curioso, ademais, que había un regulamento de funcionamento do pleno que non lle gustaba ao Partido Popular, gustoulle mentres estaba gobernando, logo, cando pasou a oposición, non lles gustou, entón foi derogado, grazas, tamén, a un concelleiro de ¿Podemos?, Pode?, non me acordo, un grupo deses, é curioso, porque xa levan tres anos gobernando e, en cambio, non temos ningún, en principio ían facelo en seis meses, pero non estaban a gobernar, agora están a gobernar e non dan feito un regulamento municipal que sexa necesario para deixar constancia de todas estas cousas e non ter que recorrer a sentenzas xudiciais, que dende logo sería moito mellor, para tampouco non ter que recorrer a un criterio, para que as mocións teñan que superar a urxencia, entón nós, evidentemente, imos votar a favor.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Interpretación, un tanto ampla, da sentenza do Tribunal Supremo que fai a concelleira, se é certo que a sentenza do Tribunal Supremo sobre esa cuestión é un recurso que presentou, no seu día, un concelleiro dun concello de Cantabria, pero nesa demanda



que realizou este concelleiro, referíase aos asuntos que, no seu momento, o alcalde dese concello levaba, por delegación, á Xunta de Goberno, o alcalde que facía? Non os incorporaba ao control do pleno, isto é, leva á Xunta de Goberno unha clase de asuntos e o pleno da corporación non recibía conta deses asuntos, pero neste concello se que o facemos e, de feito, incorporamos en todas as ordes do día dos plenos ordinarios o apartado c, que está incorporado neste tamén, que é a actividade de control do pleno, na que se pon en coñecemento as resolucións ditadas, igual que os rogos e preguntas, polo que a sentenza non fai alusión ao que se está a dicir, di que se faga un punto totalmente diferente, no que todos poidan participar, certo, pero ese punto, aquí, se está a incorporar, que é a actividade de control do pleno, que nese concello non se incorporaba, aquí hai ese punto, de feito fai alusión a sentenza ao artigo 46 2 c, que acaba de mencionar Vanesa na súa moción, que é claro o que di o artigo e, tamén, temos que ir ao artigo 97 do ROF, que é o que recolle absolutamente todas as figuras que podemos utilizar nos concellos, non falo dos concellos das grandes cidades, que como sabedes, teñen outro réxime distinto, pero se nos concellos como Sanxenxo e que teñen medidas de control que poden utilizar os membros da corporación, como son os rogos, as preguntas, as mocións, os ditames, as propostas, as emendas, os votos particulares, todo iso está en potestade dos membros da corporación de propoñelos e, no seu caso, de incorporarse no pleno, pero se é certo que esa sentenza non vale para esta cuestión, eu entendo que se queira ampliar o que a sentenza di, pero na realidade, a sentenza, simplemente, fai alusión a que, naquel concello, o alcalde non daba conta dos asuntos que se estaban a levar á Xunta de Goberno e que tiña delegados, obviamente tiña que dar conta no pleno e non o facía, nada mais.

Sra. Rodríguez Búa:

Simplemente dicir que non se se a compañeira leuse a sentenza enteira, porque, efectivamente, e como xa dicía na exposición de motivos, a sentenza pronúnciase sobre dúas cuestións, no punto terceiro, efectivamente, trata o que acaba de comentar, di, textualmente: *“la primera cuestión sobre la interpretación del artículo 42”*, que é o que acaba de mencionar do ROF e neste primeiro apartado, que é o fundamento de dereito terceiro da sentenza, tratan esa cuestión, pero se seguen lendo, no corpo di, textualmente, o título: *“la segunda cuestión de interés casacional, los ruegos y preguntas”*, refírese a algo totalmente distinto, por un lado está o tema de que, efectivamente, non daba conta das resolucións, pero a segunda cuestión de interese casacional é, exclusivamente, sobre os rogos e preguntas, iso non fai falta interpretalo, é verdade que as sentenzas son interpretables, pero aquí non fai falta interpretar, o título di *“segunda cuestión de interés casacional, los ruegos y preguntas”*, polo tanto esta sentenza do Tribunal Supremo trata dous temas, un primeiro tema, que é ao que vostede acaba de facer referencia, que eu non mencionei na miña moción, porque entendo que non é un problema que efectivamente se de aquí, aquí se se da conta das resolucións, senón que me refiro a segunda cuestión que trata á sentenza, na que, textualmente se di, que tampouco fai falta interpretar, alguén que non teña coñecementos de dereito pode entender esta frase *“esta segunda parte ha de tener una naturaleza propia y diferente de la parte resolutive en la que se garantiza la participación de todos, en definitiva, lo esencial es que en su configuración y aplicación se garantice de forma efectiva su funcionamiento y la*



participación de todos los grupos municipales, lo cual no puede garantizarse, como hemos señalado el Tribunal Supremo, mediante los ruegos y preguntas”, por senón queda claro, o que ven a dicir o Tribunal Supremo é que cos rogos e preguntas non pode terminar a parte de control que se desenvolve nas sesións do pleno e creo que queda claro coa simple lectura e non fai falta facer interpretacións, outra cousa é que non me cabía dúbida de que non iades aprobar esta moción, porque xa sei que dar conta, non vós gusta.

Sra. Deza Martínez:

Efectivamente, teño o anaco da sentenza á que fai alusión Vanesa, pero é que aquí non só tes os rogos e preguntas, fálase de que, efectivamente, *“el control debe quedar reflejado en la sesión del pleno, con sustantividad propia y diferenciado de la parte resolutive”*, aquí hai unha parte resolutive, cando se fai alusión a todos os asuntos que se traen ao longo do pleno e, logo, a parte de control e fiscalización, que é o punto c, que pon actividade de control do pleno, que é onde se dá conta de todas as resolucións e esa é a parte específica onde sae o control e fiscalización do goberno, onde dá conta o goberno e, logo, ti, dime que non, só é para rogos e preguntas, acábocho de dicir, o artigo 97 do ROF tamén che fala doutros mecanismos que teñen os membros da corporación para poder fiscalizar ou controlar o goberno, entre eles as mocións que acabamos de debater e que estamos debatendo, neste caso a túa, acabamos de debater as outras tres do Bloque Nacionalista Galego, entón eu non estou dicindo que ti só poidas utilizar o mecanismo de rogos e preguntas, de feito estás a utilizar o mecanismo da moción, é mais, podes utilizar outros mecanismos, o voto particular, a emenda, o ditame, a proposta, o que ti queiras, o ROF é o que di, agora, nós, regulámonos polo ROF e o ROF di iso, se se quere facer unha regulación específica, obviamente o que acaba de dicir Sandra, o que teremos que facer é un ROF específico para o Concello de Sanxenxo e controlar e regular outro tipo de control dentro do que é o pleno ou outra maneira de facer o debate, dentro, obviamente, da legalidade, da Lei de Bases de Réxime Local e do ROF, sen saltarnos, obviamente, a normativa.

Sr. Presidente:

Quedamos en que, cando empezásemos esta nova lexislatura, iades xuntar os voceiros de todos os grupos para facer un regulamento de aquí, quedamos niso, os voceiros de cada partido ían xuntar, facer como unha comisión de traballo para facer un novo regulamento, consensuado con todos, haber se o empezades dunha vez, entre todos, dígollo aos meus, ten que ser entre todos os grupos políticos aquí representados, esta moción vale para chegar a ese acordo, hai que facer unha reunión, poñervos de acordo, un de cada partido, o que sexa un só, pois un só, pero o Bloque e mais o PSOE teñen que levar unha persoa que se xunten e traballar aquí, o que faga falta, ten que ser consensuado dende o minuto uno, non que o encabece nin o goberno nin a oposición, eu creo que sería bo e dixémolo a principio da lexislatura.

Sra. Rodríguez Búa:

Simplemente facer un matiz, para dicir que hai cousas que son interpretables e cousas que non e, repito, calquera persoa pode ver a convocatoria do pleno e, dentro da parte



especifica da actividade de control do pleno, hai dous puntos, posta en coñecemento das resolucións e rogos e preguntas, polo cal, non hai ese apartado, con forma propia, a maiores dos rogos e preguntas, independentemente dos argumentos que permita a Lei de Bases de Réxime Local, independentemente diso, eu entendo o que di a sentenza e dio claro, é unha frase clara, ten que haber un apartado específico, dentro da actividade de control do pleno, mais aló dos rogos e preguntas, que permita a participación de todos os grupos políticos, nada mais, é algo que se ve e está claro que non ides aprobar a moción, xa mo esperaba, en calquera caso, se de aquí sae un compromiso para, efectivamente, facer unha regulación que permita unha maior transparencia no desenvolvemento das sesións dos plenos, pois algo é algo.

Sra. Deza Martínez:

Non quero ser cansina, pero imos ver, as mocións, volvo insistir, non se poñen no punto da orde do día, porque o propio ROF di que teñen que debaterse con carácter de urxencia, non o digo eu, dio o ROF é o ROF di “*con carácter urgente*” e, polo tanto, non se incorporan na orde do día, pero se é certo que podes presentar unha moción e é un mecanismo mais de control e fiscalización, de todo o que ti queres plantear e, vólvoche a dicir, se queres presentar un ditame, presentar unha proposta, unha emenda, voto particular ou o que ti queiras ou por calquera membro da corporación, pódelo facer e, respecto á parte de control, é a que é, os niveis que dá a lei, son os que son.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Abstencións: 0.

En consecuencia, a moción anteriormente transcrita non resultou aprobada.-----

ROGOS E PREGUNTAS.

1º) ROGO

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Solicitaría que se trasladase a parada de taxi que se encontra, agora mesmo, en pendente, xa que, a min, polo menos, chegaronme queixas de diferentes persoas con mobilidade reducida, que se queixan de que, mesmo colocar unha parada de taxis nunha pendente, vería contravir a normativa de adecuación dos espazos públicos a persoas con mobilidade reducida, porque para eles, é moi difícil acceder ao vehículo en pendente, de feito xa houbo algunha incidencia, ao estar o vehículo en pendente,



abren á porta e a eles cústalle mais acceder, se teñen unha cadeira de rodas ou o que sexa, entón, as paradas de taxis en zonas en pendente non son o mais recomendable, entón, rogariámoslle que se estudiase o traslado a unha zona que non se encontrase con ese problema.

2º) ROGO

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

A poucos metros de onde se encontraba o alcalde esta mañá, con todo bombo e pratillo, anunciando que o Concello de Sanxenxo se convertía pola Xunta nun territorio preferente de zona turística, encóntranse carteis informativos que se colocaron fai pouco e que xa teñen a información desactualizada, creo que neste momento en que nos encontramos, todo o relacionado coa Covid e coas medidas que se deben tomar a cabo, ten que ser moi rigoroso, para non confundir mais a xente e, nos carteis que se encontran colocados en todas as praias, concretamente a poucos metros de onde vostedes estaban a facer co conselleiro da Xunta ese acto, pois hai un cartel no que, por exemplo, o uso da máscara non está adecuado, porque di que só se terá que usar máscara, cando non se respecte á distancia, cosa que, a día de hoxe, xa non é a medida establecida, polo tanto entendo que é sumamente importante que non existan informacións contraditorias, porque a xente xa está bastante perdida como para que... Teño unha foto, aquí, dos carteis, por se a queredes ver, simplemente o que quero dicir e que hai que ter especial coidado, porque estamos no momento no que estamos e entendo que non hai que darlle mais informacións contraditorias á xente, entón, simplemente, rogo que se actualice a información que existe neses paneis informativos.

3º) ROGO

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Tamén, como rogo, lembrar que fai algo mais de quince días, presentei un escrito solicitando o informe técnico que xustifica, explica, habilita ou ideou, o tema das zonas de preferencia peonil e, a día de hoxe, aínda non se me trasladou, entón igual espero ese informe.

4º) ROGO

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

É unha queixa veciñal que nos chegou, cóstanos que en varios sitios, eu sei en Villalonga, noutras parroquias seguramente pase o mesmo, en medio ambiente, en Villalonga, creo que tamén xa consta alí, persoas, que sabendo que ata poden ser multadas por mover containers, polo seu mal cheiro, móvenos, porque están preto de casas, preto de parques e así e porque, supostamente, levan moitísimos meses sen limpar, dígolle ao concelleiro de medio ambiente ou ao concello, que lle pida á empresa, neste caso a ASCAN, imaxínome, que o limpe, porque é verdade que apareceron dentro de eses containers caixas de peixe, cónstame que non é de ningún veciño do noso concello ou, polo menos, quen nolo dixo, pero aparecen, e dan



cheiros, dicirlle que limpen mais a miúdo, imaxínome que será en todas as parroquias, menos no urbano e, cónstame, que en medio ambiente, en Villalonga, xa teñen unha queixa no rexistro ou unha chamada ou algo.

Sr. Presidente:

Limpar os contenedores é o rogo.

5º) ROGO

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Esta é unha das medidas que podemos utilizar e, a min, non me gusta nada, de feito nunca fago rogos, pero nesta quero facelo, gustaríame que se lle desen os parabéns, un recoñecemento publico nas redes oficiais do concello, tanto ao alumnado como ao profesorado de segundo de bacharelato de Villalonga, que tras un curso moi complicado, tras uns nervios que pasaron, moitísimo despois de todo un mes agardando pola EBAU, sufriron durante un mes unha presión grandísima e tendo, como dicíamos antes, moitísimos problemas, fixeron un esforzo grandísimo e pasaron do nº28 ao nº12 de toda Galicia nos resultados, polo tanto se que creo que é motivo para que no Facebook do concello e en todas as redes darlles os parabéns. Ademais, se me gustaría que sexa de parte da corporación..

Sr. Presidente:

Así se fará inmediatamente, moitas grazas.

1ª) PREGUNTA

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

A miña primeira pregunta é referida á situación do colexio de Nantes, que agora, co tema do Covid, sabemos que para á practica de educación física, pois teñen un espazo reducido que, probablemente, non lles sexa apto para realizar actividade física coa normativa que haberá, ou que se espera que haberá, no ano que vén, polo tanto, sabemos que aínda teñen o pavillón que segue a medio facer e que non se atopa preparado para poder usalo no inverno, polo tanto, queríamos saber se hai algún tipo de solución xa pensada pola parte do concello, solución que debería ter que levarse a cabo durante o verán, para que o centro estivese xa listo no mes de setembro, para garantir que os rapaces do colexio de Nantes puidesen ter un sitio onde desenvolver as actividades de educación física para o curso que vén. É unha pregunta.

Sr. Presidente:

Xa o valoraremos, xa lle contestaremos, nova pregunta.

Sra. Rodríguez Búa:

Non hai nada pensando entón.

Sr. Presidente:

Xa lle contestaremos.



2ª) PREGUNTA

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Quería saber o motivo polo que están pechados as billas da praia da Lanzada, da zona de Sanxenxo, que están todos pechados, sen embargo, na zona do Grove, se que están abertos.

Sr. Presidente:

Están todos pechados e, aparte, sacáronos, o alcalde do Grove mandou retiralos. Hai unha ducha que pediron os que fan surf, que hai que retirar, que non ten auga, que está alí de pé, teño eu a foto, que aínda fun eu alí, non hai ningún lavapé, sacamos todos os lavapés por recomendación que fixeron e, o alcalde do Grove, tamén os quitou.

Sra. Rodríguez Búa:

Eu o que entendo e que, se é por un tema do Covid, evidentemente, está ben feito, pero, ao mellor, podíase poñer un carteliño, para que a xente soubese que era por iso.

Sr. Presidente:

É por un tema do Covid, arrincaron carteis, puxemos carteis e arrincaron todo e, entón, mandámoslos retirar e, o Grove, tamén os mandou retirar despois.

Sra. Rodríguez Búa:

A min, chegaronme queixas de xente e, por iso, transmítoos.

3ª) PREGUNTA

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Tamén quería saber se xa hai data para a entrega do local do club de piragüismo e da zona do skatepark. Non se se xa tedes data.

Sr. Presidente:

Non, agora mesmo non.

Sra. Rodríguez Búa:

Para ningún dos dous?

Sr. Presidente:

Non o sei preciso e, entón, non o podo dicir, porque, cando digo a data, teño que dicir á hora tamén e non o sei agora mesmo.

Sra. Rodríguez Búa:

E os motivos do atraso, tanto dun como doutro?

Sr. Presidente:

Iso é outra cuestión xa.



Sra. Rodríguez Búa:

Pero iso pódese contestar, ou tampouco?

Sr. Presidente:

Non.

4ª) PREGUNTA

Sra. Rodríguez Búa:

Tamén quería saber a súa valoración sobre o éxito da medida das estacas e se teñen pensado facer algo ao respecto.

Sr. Presidente:

Éxito total, éxito total, a pesar de quen lle pese.

Sra. Rodríguez Búa:

O alcalde de Sanxenxo considera que é un éxito total, non?

Sr. Presidente:

Total, mais que total, pero o alcalde de Sanxenxo non é o alcalde de Vigo, pois claro.

Sra. Rodríguez Búa:

Xa quixese.

5ª) PREGUNTA

Sra. Rodríguez Búa:

Cónstame que están a facer reforzos de Policía Local doutros concellos no Concello de Sanxenxo, mesmo a fin de semana e gustaríame saber canto están percibindo polas noites ou sexa, polos servizos que están a facer, non sei se perciben o mesmo que percibe o cadro de persoal noso, mais, menos?

Sr. Presidente:

Pois percibirán o que legalmente se lles poida pagar, percibirán o que legalmente se lles poida pagar.

Sra. Rodríguez Búa:

Entendo que cando fixeron a convocatoria para que a xente viñese a suplir, xa se pon unha contía.

Sr. Presidente:

Eu entendo que ter unha cadro de persoal de 23 policía e que teñamos 13 de baixa, en pleno verán, pois como comprenderá vostede, a alcaldía ten que facer o que faga falta para solucionar os problemas e ter un pobo seguro, polo tanto vaise a pagar o que realmente se lle poida pagar, non hai ningún problema.



Sra. Rodríguez Búa:

Se, pero entendo que cando se convoca a praza, xa se ten que coller...

Sr. Presidente:

Vostede está falando de dúas cousas distintas, está a dicirme praza e non se convocou ningunha praza de nada, hai comisión de servizo, puxéronse catro e viñeron tres, pero, á parte diso, e explícoo para que o entenda todo o mundo, nós temos catro vacantes, que puxemos en comisión de servizos e ocupáronse tres, unha de oficial e dúas de garda e hai unha vacante doutro oficial, pero non veu, porque é complicado. E, despois, por outro lado, para os fins de semana con mais afluencia de persoas en Sanxenxo, buscamos gardas doutros concellos que legalmente veñen e nós pagámoslle e non lle podo dicir agora o que se lles pagou .

Sra. Rodríguez Búa:

Eu refírome a eses, non me refiro ás comisións de servizos, refírome a eses, o que van a percibir eses.

Sr. Presidente:

Cobran, non o teño claro, non o sei, o que está no convenio que temos, ou algo así.

Sra. Rodríguez Búa:

Se me contesta despois por escrito, váleme.

Sr. Presidente:

Bo.

6ª) PREGUNTA

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Quería saber porque, das tres casetas de información turística que temos en Sanxenxo, dúas están pechadas, unha nova moi bonita, na entrada de Sanxenxo, co custo que tivo e porque están pechadas en pleno verán, coa información que lle hai que dar aos turistas.

Sr. Presidente:

Pois porque nós cremos que, neste momento, non fai falta ter tantas casetas abertas por motivos de seguridade do Covid e que está perfectamente informada a xente, de aquí non marcha sen informarse, está aberta todos os días da semana, mesmo os domingos, creo que está os domingos tamén, a oficina de turismo do Porto Deportivo e, por motivos de seguridade, non as abrimos este ano, son oficinas moi pequeniñas é, por seguridade para a propia empregada, polo tanto non se abriu, e iso aconsellóulleme polo CETS e é por ese motivo, nada mais.



7ª) PREGUNTA

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Unhas preguntas xa as realizou a señora Rodríguez, que era o tema do local de piragüismo de Portonovo, xa nos contestará, outra é que, no seu momento, o concelleiro de deportes informounos que as instalacións do campo de Baltar de arriba non se abrirían ata setembro, pero parece ser que hai usuarios, agora mesmo, neste mes, entón era para saber se hai algún colectivo especial que se pode utilizar o campo e, os outros, non.

Sr. Arosa Dasilva, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Eu coñezo que hai usuarios, pero usuarios que saltan o muro, xa van dúas ou tres veces, pero descoñezo que haxa outros usuarios.

Sra. Caneda Prieto:

O tema é que os vestiarios se abren

Sr. Arosa Dasilva:

Non, está pechado, a semana pasada abriuse o campo para que viñesen os de Deputación e nada mais, quedou aberto un día, se entrou alguén ou non, non o sei, pero ata a semana pasada non estaba, porque entraron rapaces alí e fun mirar e estaba pechado.

Sr. Otero Montes concelleiro do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Están todos os días xogando alí, o enreixado municipal dos vestiarios se está aberta, o quere dicir que van con chave, á xente da Deputación, cando alguén me chamou a min, que lle pasei o teu teléfono para poder abrir o campo, non vai aos vestiarios.

Sr. Arosa Dasilva:

Entraron nas instalacións a xogar no campo, non sei se nos vestiarios entraron ou non, os vestiarios están pechados.

Sr. Otero Montes:

Como che comentei oficialmente, tiña que ir facer inventario, entón fun, como cho dixen e as porteiras estaban movidas, arrastradas polo medio do campo e tal, e senón hai ningunha normativa.

Sr. Arosa Dasilva:

Á normativa é para todos.

Sr. Presidente:

Eu creo que o que hai, polo que escoito ao concelleiro, é que alguén, ilegalmente, utilice, iso pasa noutras zonas tamén, hai que intensificar a vixilancia, non se lle dimos un criterio distinto a uns dos outros.



8ª) PREGUNTA

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Desde o Club de Xubilados de Portonovo, mesmo o presidente, xa por varias veces, parece ser que se puxo unha queixa ou algo así, polos pasos de peóns que se encontran ao redor das instalacións, porque a pintura está....

Sr. Presidente:

Eu creo que se refire a estrada autonómica, senón píntanos mañá, píntanos pasado, creo que estaban con problemas, porque iso saíu a concurso, teñen unha empresa que fai o mantemento e andaban hoxe pola mañá, tamén, na Lanzada e imaxino que pintaran hoxe ou mañá, non sei.

9ª) PREGUNTA

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Á última pregunta, aproveitando o rogo de Yago, é unha percepción miña, a min dáme a impresión de que, por exemplo, onde eu vivo, quitáronse papeleiras, ata mesmo penso que hai menos contenedores, non soamente en Villalonga, senón, tamén, noutras zonas, entón saber porque se retiraron.

Sr. Presidente:

Pero, onde vives, en Villalonga? Non sei onde vives.

Sra. Caneda Prieto:

Se, vivo en Villalonga.

Sr. Presidente:

En Villalonga retiráronse papeleiras, igual que noutras zonas do concello, pero houbo un erro e retiráronse papeleiras de mais e xa as mandamos poñer, pero aínda non as trouxeron, en Villalonga hai que poñer algunha papeleira mais, porque retiráronse. Vou dicir unha cousa, retiramos mais do 50% das papeleiras e resulta que está mellor sen papeleiras o pobo que con papeleiras, a xente, cando non lle pos papeleiras, tira menos papeis, porque hai contenedores por todos os lados.

Sra. Caneda Prieto:

Non, eu dígolle que, onde eu vivo, reduciron a cantidade de contenedores, con dicir que nesa rúa temos, practicamente, un contenedor só e como retiraron algúns que había na estrada xeral, agora somos mais veciños votando lixo nos mesmos contenedores, agora está mais cheo todos os días.

Sr. Presidente:

Marta, efectivamente hai que mellorar o tema dos contenedores, pero o que se recomenda é que non teñas un contenedor a mais de 150 metros de onde tes que votar o lixo da túa casa, entón estamos a intentar poñer os contenedores, todos, mais ou menos, a 300 metros, iso significa que nunca vas ter que andar mais de 150 metros, pero é verdade que no rural, como é con contenedores de carga traseira, está



a haber algún problema, cousa que dis ti, hai que melloralo e tes razón, pero o das papeleiras, dígoche que é mellor, con isto do Covid, démonos conta que, cantas mais papeleiras, mais lixo, sacáronse o 60% das papeleiras e hai menos papeis na rúa, soamente hai dous sitios que temos localizados e, despois, temos outro problema co tema dos cans, iso se é un problema, os cans.

10ª) PREGUNTA

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Seguindo co tema dos contenedores, tamén se puxeron en contacto comigo veciños de varios sitios, un deles en Canelas, onde para chegar aos contenedores, teñen que andar mais de 300 metros.

Sr. Presidente:

Onde?

Sra. Fernández Agraso:

Na zona de Canelas, creo que vostede xa foi por alí e non quedaron contentos coa súa actuación.

Sr. Presidente:

Que non quedaron contentos? Quedaron encantados.

Sra. Fernández Agraso:

Por iso chamáronme a min.

Sr. Presidente:

Non todos votan ao PP.

Sra. Fernández Agraso:

E logo o tema das papeleiras, podo entender o que di polo tema do Covid ou por outros temas, pero, por exemplo, hai unha zona, que é o parque de Baltar, porque ademais hai moita aglomeración de rapaces.

Sr. Presidente:

Onde está o campo de fútbol? Onde o campo de fútbol do Sanxenxo digamos? Onde o centro de saúde?

Sra. Fernández Agraso:

Alí conviña poñer papeleiras, para que a xente tirase, porque van moitos rapaces a merendar, a comer... e tiran todo no chan, entón eu creo que aí, se que deberían poñer papeleiras.



11ª) PREGUNTA

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Á miña pregunta é así, un pouco peculiar, teño unha dúbida, que tipo de exame fanlle aos auxiliares da Policía Local? Que tipo de coñecementos pídenlles?

Sr. Presidente:

Iso hai que preguntalo á Academia Galega de Seguridade.

Sra. Fernández Agraso:

Porque eu entendo que, á parte dun mínimo de educación que deben ter, deben saber uns mínimos da normativa de tráfico, da DXT, digo, porque é curioso, pasei poucas veces por Sanxenxo no que vai de verán, pero é que teño visto verdadeiras animaladas, dende adiantando perigosamente sen a luz acesa, sen a luz de emerxencia.

Sr. Presidente:

Adiantando eles?

Sra. Fernández Agraso:

Se, ata ter case que darlle a outro coche, para ter que deixalo pasar, sen a luz de emerxencia e sen ningún vehículo mais e, logo outra cousa, deberían saber as normas da Dirección Xeral de Tráfico, onde se un coche, agora que temos que ir a dar a volta a rotonda na entrada de Sanxenxo, se un coche vai dar a volta, non ten que poñer o intermitente, é mais, o normativo é non poñer o intermitente, se ti non pos o intermitente e, de súpeto, sáltache, que vai na moto, un auxiliar, que che grita polo portelo do acompañante “el intermitente que?”, Iso non son nin maneiras, nin educación, nin é a normativa, algo que xa lle comuniquei a Juvíño, por certo. Entón, eu, estar a conducir e ver iso no coche de en fronte, mínimo de educación e un mínimo de normas, teñen que saber que, cando é para saír na primeira, se se pon o intermitente, pero cando é para dar a volta, non é obrigatorio, é mais, non debes poñer o intermitente, polo tanto se é necesario un cursiño acelerado, entendo que se teñen carnet, xa deberían sabelo, un recordatorio das normativas da Dirección Xeral de Tráfico.

12ª) PREGUNTA

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Outro tema que o vou facer como pregunta, pero se creo que é un tema que nos ten que preocupar a todos, o 17 de xuño do 2020 saía unha noticia de seguridade do porto deportivo, onde se falaba do control de acceso á movida por parte da Policía Local e da Garda Civil, un control de acceso estrito, así é como o venderon ou como o informaron, tamén con drons, que parece que os drons van ser a solución de todo e é mais que cuestionable a súa efectividade e, atopámonos unha noticia dunha menor de catorce anos, nunha situación moi complicada. Sen entrar en debater sobre á función dos pais desa nena, que é unha nena, sen entrar xa a debater niso, cremos que sendo o ocio nocturno de Sanxenxo, a seguridade, unha competencia do



concello, pero que aínda por encima, a zona é de competencia nosa e creo que, dobremente, deberíamos estar mais atentos á iso, a min gustaríame saber como se hai drons e se controla o acceso, se por algún motivo eses rapaces, menores de idade, pasaron ese control de acceso para ir á movida, gustaríame que eses drons, esas imaxes, véxense, en que tipo de pubs entraron eses menores e que houbera unha medida exemplarizante a eses locais, porque non entendo, se ademais hai un control estrito por parte do concello na entrada do ámbito, lembro, un ámbito municipal, se ademais, segundo a Xunta de Galicia, hai que pedir o nome e os apelidos nas entradas dos pubs, como pode ser que se coen menores de 14 anos? Entón, se que me gustaría iso, que se mirasen as imaxes deses drons, que se mirasen en que locais se permitiu a entrada deses menores e que se tomasen medidas de exemplo cara eses locais, porque non imos votar as mans á cabeza, como fixeron vostedes na oposición, sobre as situacións que pasan no porto, porque esas situacións, nin antes eran tan grandes nin agora son menos, cousas que pasan e eu non vou entrar en se antes pasaban mais e agora pasan menos, pasan, son menores, pasan estas cousas, todos os anos pasan, pero se é certo que se agora temos eses drons, se temos ese feito de control, temos que tomar medidas, medidas moito mais estrictas e, sobre todo, esas imaxes, para que neses locais, actuar dalgunha maneira contra eles, porque, ademais, agora teñen moitísima mais responsabilidade polo tema do Covid, de tomar nomes e apelidos, como dicía e repito, sen entrar en que nós non somos os pais dos menores, que para iso están os seus titores legais e pais para controlalos. A pregunta é se ides mirar as imaxes.

Sr. Leiro Otero, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Estamos a facer un control estrito en Sanxenxo e Portonovo, pero se, é verdade que non podemos prohibir a ninguén que entre no porto deportivo, esas nenas de 13 anos atopounas a Policía Local, non en ningún local, senón fóra, na rúa, no momento chamouse á ambulancia, en todo momento chamouse aos pais, pero é unha responsabilidade dos pais, nós preguntamos onde beberon e sempre dixeron que foi na casa, o pai dicía que na casa non puido ser, porque na casa non hai alcohol, pero a nena sempre dixo que fóra na casa. O outro día denunciouse, a semana pasada, en Portonovo, un local e encontramos 17 menores dentro e, este fin de semana, denunciáronse un par de locais en Sanxenxo por encontrar menores e a Policía Local está a entrar a saco en cada local, este fin de semana, en Portonovo, estiveron 10 policía toda a noite e imos seguir así todo o verán, non imos consentir que haxa un neno nun pub, local no que se poña un neno dentro, creo que en Sanxenxo son 3500 €, agora, se é verdade que na rúa, nós, non podemos prohibirle a estes nenos que veñan.

Sra. Fernández Agraso:

Repito, sen entrar a valorar, porque eu son nai dunha nena de 15 anos e medio, entón, sen entrar a valorar a responsabilidade ou, se quere, valorámola, que eu non teño ningún problema, de que fai unha nena de 14 anos na rúa a esas horas, xa sen entrar niso, porque creo que, se cadra, todos temos a mesma opinión, a miña pregunta era se eses drons teñen imaxes, se se pode controlar se eses menores entraron nalgún local ou non, podo entender que, se cadra, nós non temos competencia, porque hai unha zona, tamén, de paseo, pero se hai algún local que lle dou e xa me dá igual se



beberon no local ou fóra, unha rapaza de 14 anos non pode entrar en ningún local, de 16 se e non beber alcohol, pero de 14 non pode entrar.

Sr. Leiro Otero:

Agora mesmo estase facendo unha investigación con ese tema, só falta que a nena declare.

Sra. Fernández Agraso:

Poñer as imaxes a disposición.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:

Polo tema da protección de datos non se pixelan as imaxes? non podes identificar a persoa, identificas o aforo pero non identificas a persoa.

Sr. Leiro Otero:

Non, de feito podeades entrar nas praias de Sanxenxo e vedes que nas praias ven puntos e xa está, pero nas persoas non se identifica a cara de ninguén.

Sra. Deza Martínez:

Por protección de datos.

Sr. Leiro Otero:

Pero se ten unha palabra técnica e, no punto onde hai o botellón, identifícano e, aí entón, a policía vai ao botellón.

13ª) PREGUNTA

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Pos mira, agora no tema que dis das praias, se que hai xente que se me queixa de que non está actualizado nunca o tema dos drons das praias, que queren mirar na praia a ocupación e demais.

Sr. Leiro Otero, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Eu, se queres, douche os datos que teño de hoxe á tarde e velos en directo.

Sra. Fernández Agraso:

Se, hai xente que se me queixa de que queren mirar na praia, como está a ocupación e nunca está ben.

Sr. Leiro Otero:

Hoxe á tarde creo que todas, bo perdón, Montalvo non, porque había néboa.

Sra. Fernández Agraso:

Nós, aquí, somos transmisores do que a xente nos comenta, teño que transmitilo.

Sr. Leiro Otero:

Eu pásoche as imaxes.



14ª) PREGUNTA

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Ó uso das casas culturais, ten usos múltiples por parte das asociacións, hai asociacións que tamén se me queixaron, sobre todo porque entenden o tema do Covid, pero se é certo que hai algunhas que, imaxínache, de luns a venres so vai esa asociación e di “porque só déixannos ir un día, se imos os dous, somos os mesmos” non é o mesmo que se despois vai outra asociación, pero se somos os mesmos, non é necesario , unha delas e pensei que o ía dicir Marta, unha delas a dos Cruceiros e, claro, agora que comezaron as festas, actuacións de gaita, que botaron catro meses sen poder ensaiar, entón, agora, só poden ensaiar un día á semana e dicían, porque non podemos ensaiar dous se somos os mesmos que imos entrar nese local, se somos os mesmos que imos saír.

Sra. Caneda Prieto, concelleira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:

Realmente somos nós sós, pero aí, o que se fixo, é compartir con outras.

Sra. Fernández Agraso:

Eu dígoo porque, por exemplo, nós, a título persoal, controlamos como vai a ocupación e se lle avisa e, ao mellor, é moito mais dinámico, porque, se cadra, hai asociacións que non se reúnen todas as semanas, eu quería dicir que queren ensaiar mais.

Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do PP:

En canto aos grupos folclóricos eu falei con todos, ningún me dixo que quería ensaiar mais veces, entón paréceme un pouco raro que non me manifesten isto a min para buscar unha fórmula para poder axudalos. Despois, empezan en setembro as asociacións e está claro que os círculos son pechados, hai que manter unha distancia, o aforo é limitado en todos os espazos habilitados, non se pode entrar cando se queira, non se poden facer grupos, nenos entrando e saíndo, como se facía antes, todas esas cousas faleinas con eles, entón paréceme ben que cho comenten a ti, pero primeiro que mo digan a min, se, de verdade, teñen esa necesidade, xa falei con Marta.

Sra. Caneda Prieto:

Eu pedinche dous días e dixéchesme que non, que ten que ser un día só.

Sra. Lago Martínez:

Non, che dixen que, para telo todo controlado, un día só.

Sra. Caneda Prieto:

Nós, no verán, soamente temos a actividade de gaita.

Sra. Lago Martínez:

Tamén dixemos o aforo que podíades ter, coa máscara e unha serie de premisas que che mandan cumprir e díxeno a todos os grupos, non só contigo persoalmente, entón,



se algunha ten ese problema, pero ten que cumprir con todo, non vale facer o que faciamos antes, todo o mundo alí e, mais os pais, dicíanme que non ían ir a buscalos ata a hora da saída, hai de todo, está aberto a posibilidade de falar.

Sra. Fernández Agraso:

Este, en concreto, queixábase, porque teñen actuacións e teñen que ensaiar, pediron dous días e dixéronlle, por parte do concello, que un só e, entón, puxéronse en contacto comigo, agora sabes porque se puxeron en contacto comigo, non?

Sra. Lago Martínez:

Imaxino que é o teu irmá, de quen falas.

Sra. Fernández Agraso:

Se, é profesor de gaita, que queres que che diga, se teño na casa o mellor profesor de gaita que existe, terei que dicir o que eles piden e se, é certo que necesitaban os dous días e se pode ser.

Sra. Caneda Prieto:

Eu xa lle pedín que fosemos dous días e, ela, díxome que non se podía.

Sra. Fernández Agraso:

Pois vou solicitar dous días.-----

Sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

